



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

CERTIFICACIÓN

José Ramón Vázquez González, secretario-interventor accidental do CONCELLO DE VAL DO DUBRA, agás erro ou omisión involuntaria, CERTIFICO.

Que a Sesión Ordinaria de Pleno deste concello, que tivo lugar o día 18 de marzo de 2026, adoptou, entre outros, o acordo que transcribo literalmente:

3.- 2026/G013/000001. APROBACIÓN INICIAL DE ORDENANZA DE ACCESO E USO DAS VIVENDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA.

O Sr. alcalde procede a dar conta da proposición da Alcaldía, asinada con data do 12.03.2026, e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos ao Pleno de data 13.03.2026, do teor literal seguinte:

“Asunto: Elaboración e aprobación de ordenanza municipal reguladora de acceso e uso das vivendas de emerxencia social do Concello de Val do Dubra

***Expediente:** 2026/G013/000001*

PROPOSTA DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Providencia da Alcaldía, do 12.03.2026, incoando o expediente administrativo.
2. Proxecto de Ordenanza municipal reguladora de acceso e uso das vivendas de emerxencia social do Concello de Val do Dubra.
3. Informe da Secretaría-Intervención sobre o expediente administrativo, do 12.03.2026.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1. Vista a necesidade de aprobación por este concello dunha regulamentación en relación co acceso e uso de vivendas de emerxencia social, derivada da obriga das Administracións Públicas para o acceso e uso das vivendas de emerxencia social para familias que, ante situacións de conflito no seu entorno de convivencia ou outras problemáticas específicas, carezan de aloxamento e medios persoais e familiares para dispoñer de vivenda propia.
2. O órgano competente para a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
3. O procedemento para a aprobación é o regulado no artigo 49 da LBRL, unha vez cumprimentados os trámites de consulta, audiencia e información públicas a que se refire o art. 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

En virtude do exposto, considerando a normativa citada e demais normativa aplicable, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora de acceso e uso das vivendas de emerxencia social do Concello de Val do Dubra, nos termos que figuran no expediente e coa redacción recollida no anexo a este acordo.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do expediente abrindo un período de información pública, por un prazo de trinta días hábiles, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

TERCEIRO.- Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto da ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 do abril, reguladora das bases do réxime local, previo ditame da Comisión Informativa. No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da ordenanza no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, estendéndose pola Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

CUARTO.- O acordo de aprobación definitiva da ordenanza, co texto íntegro desta, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Val do Dubra, asinado dixitalmente

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez

ANEXO

PROXECTO DE ORDENANZA DE ACCESO E USO DAS VIVENDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DO VAL DO DUBRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As administracións públicas, atendendo á realidade socioeconómica actual, teñen que responder para garantir as necesidades básicas e esenciais de atención residencial dos cidadáns nunha situación de risco de exclusión social. Neste sentido, compete á administración local ofrecer a dita resposta, a cal se materializa na presente regulación de acceso e uso das vivendas de emerxencia social.

A intervención da administración local ampárase na lexislación xeral e específica dos servizos sociais na Lei 13/2008, do 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia a cal establece as competencias, actuacións e funcións dos servizos sociais comunitarios, respecto ao ámbito municipal. No Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e o seu financiamento, establécese de forma máis ampla o contido de cada un dos programas e servizos sociais comunitarios básicos. Na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, régulanse un conxunto de dereitos e recursos específicos para as persoas en situación ou risco



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

de exclusión social, atribuíndolle a competencia as entidades locais para o seu recoñecemento e desenvolvemento.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, establece no seu artigo 25 apartado 1: “O municipio exercerá, en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: e) avaliación e información de situación de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”.

O Concello de Val do Dubra necesita contar cunha ordenanza que sexa rápida e eficaz, que estableza as bases reguladoras para o acceso e uso das vivendas de emerxencia social para familias que, ante situacións de conflito no seu entorno de convivencia ou outras problemáticas específicas, carezan de aloxamento e medios persoais e familiares para dispoñer de vivenda propia, de tal xeito que, o concello o constitúe como un recurso social municipal de aloxamento alternativo e temporal, cuxa necesidade se constata no ámbito dos servizos sociais municipais.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto da presente ordenanza é regular sobre o acceso e utilización das vivendas de emerxencia social que o Concello de Val do Dubra dispón en cada momento, destinadas ao aloxamento alternativo de unidades familiares en risco de exclusión social cando se xustifique o seu carácter de urxencia polos servizos sociais municipais.

Artigo 2. Natureza e finalidade

As vivendas de emerxencia social considéranse un recurso social no marco das prestacións propias dos servizos sociais, formando parte do dispositivo público municipal do aloxamento alternativo. Constitúen un establecemento residencial de carácter temporal, destinado a acoller familias usuarias dos servizos sociais, que se atopan en estado de necesidade social e/ou risco de exclusión, facilitando a normalización da súa convivencia e seu proceso de inserción social.

En consecuencia, serán os servizos sociais os que determinarán a prioridade no acceso ás mesmas, atendendo a criterios e requisitos establecidos na presente ordenanza.

Artigo 3. Determinación de vivendas de emerxencia social

O Concello de Val do Dubra determinará, a petición dos servizos sociais municipais, e en función da súa dispoñibilidade, as vivendas que se destinarán a emerxencia social, mantendo permanentemente actualizado un inventario das mesmas, que estará a cargo das entidades públicas titulares das vivendas, no que se fará constar a súa localización, titularidade, superficie e distribución, dotación e estado de ocupación e demais datos que se consideren precisos.

Artigo 4. Requisitos de acceso

Poderán ser beneficiarias das vivendas, conforme as condicións recollidas na presente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ordenanza, aquelas familias residentes no Concello do Val do Dubra que, a proposta dos Servizos sociais municipais, reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade ou ser menor emancipado/a.
- Acreditar empadramento e residencia de forma efectiva no ámbito municipal de Val do Dubra, cunha antigüidade mínima de 3 meses á data de presentación da solicitude. Excepcionalmente, cando así poidan valoralo os servizos sociais por razón de necesidade, precariedade ou urxencia, terán a condición de beneficiarias aquelas persoas que non reúnan este requisito.
- Carecer de aloxamento adecuado, por causas sobrevidas ou de índole socio familiar.
- Non ter propiedades ou usufrutos de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera outra forma de explotación, indiquen, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para poder ter acceso a aloxamento.
- Non dispoñer de medios persoais ou familiares para acceder a unha vivenda.
- Atoparse enmarcadas voluntariamente nun Plan de inserción social definido polos servizos sociais orientado á normalización da convivencia familiar.

Para a acreditación dos ditos requisitos e valoración da necesidade do aloxamento en vivenda de emerxencia social dos servizos sociais poderase requirir a achega por parte das familias de canta documentación relativa as súas circunstancias persoais e socioeconómicas resulte necesaria, cando estas non consten no seu expediente.

Artigo 5. Documentación

Xunto coa solicitude, cando non se teña iniciado expediente con anterioridade, conforme ao modelo que consta no anexo 1, requírese a presentación da seguinte documentación (sen prexuízo da que poida requirir o departamento de servizos sociais):

1. DNI ou documento de identificación persoal de cada un dos integrantes da unidade familiar.
2. Libro de familia ou, no seu defecto, documento acreditativo de garda, custodia ou tutela.
3. Certificado de empadramento e de convivencia, no caso de que non se autorice ao concello a facer a consulta de oficio.
4. Certificado de discapacidade, no seu caso.
5. En caso de incapacitación, sentenza de incapacidade.
6. Xustificación da situación económica de cada un dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos:
 - Última declaración do IRPF ou, no caso de non ter que presentala, certificado de imputación de rendas.
 - No caso de estar traballando con conta allea: fotocopia do contrato e das últimas tres nóminas.
 - Certificado acreditativo do INEM en caso de estar en situación de desemprego con percepción ou non de prestación.
 - No caso de estar de alta no réxime de autónomos, fotocopia das dúas últimas declaracións trimestrais a conta do IRPF.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

- Se perciben algunha pensión ou prestación, certificado expedido polo organismo competente da contía mensual percibida.
- Declaración responsable de ingresos nos caso en que estes non se poidan acreditar documentalmente por parte da unidade familiar.
- Extracto das contas bancarias de todos os membros da unidade familiar onde se reflectan os movementos dos últimos 6 meses.

Artigo 6. Dereitos e deberes das persoas beneficiarias

1. Son dereitos das persoas beneficiarias:

- a. Ser informado, polo servizos sociais municipais, con claridade, sobre as condicións de utilización da vivenda de emerxencia e dos seus dereitos e deberes.
- b. Dispoñer da documentación precisa respecto ao réxime de ocupación da vivenda.
- c. Recibir asesoramento e axuda dos servizos sociais acerca dos recursos que poidan precisar.
- d. Dereito á confidencialidade de toda a información sobre a súa estancia e situación persoal e familiar.
- e. Ser escoitado polo persoal dos servizos sociais municipais e formalizar peticións, reclamacións e suxestións en relación coa súa estancia.

2. Son deberes das persoas beneficiarias:

- a. Destinar a vivenda de emerxencia social a domicilio habitual e permanente dos membros da unidade familiar durante o tempo de vixencia da duración da axuda, que consta no contrato de cesión, evitando o aloxamento de persoas alleas sen coñecemento e autorización previa dos servizos sociais.
- b. Respetar as normas básicas de convivencia e aquelas que rexen o funcionamento da comunidade.
- c. Manter a vivenda en bo estado de conservación e hixiene, coidando os seus elementos interiores e exteriores e evitando a realización de obras ou reformas sen autorización municipal.
- d. Afrontar o pago dos gastos relacionados coa instalación e consumo de subministracións da luz, auga e gas relacionados coa vivenda nos termos establecidos no contrato de cesión, así coma no seu caso, as cotas e derramas da comunidade.
- e. Aceptar a visita na vivenda por parte do persoal técnico dos servizos sociais tanto para o seguimento da situación socio-familiar, coma para a comprobación do estado e conservación do inmovble.
- f. Comunicar inmediatamente aos servizos municipais calquera variación que poida experimentar a súa situación socio-familiar ou económica.
- g. Responder directamente polos danos que poidan ocasionarse ás persoas ou cousas que sexan derivados do mal uso do inmovble e das subministracións da vivenda.

Artigo 7. Procedemento de adxudicación

A tramitación e resolución destas axudas realizaranse seguindo este procedemento:

- Presentación da solicitude conforme ao modelo oficial no Rexistro Xeral do Concello de Val do Dubra, ou por calquera dos medios indicados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xunto coa documentación que se recolle na presente ordenanza (véxase o artigo 8). A solicitude poderase iniciar de oficio, mediante



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

informe técnico emitido polo propio departamento de servizos sociais.

- *Revisión da solicitude e da documentación presentada por parte do departamento de servizos sociais. Se esta non reunise todos os datos ou documentos aos que se fixo referencia anteriormente, requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de 10 días, complete ou achegue os documentos que sexan necesarios. No seu defecto, entenderase por desistido na súa petición, co conseguinte arquivo das súas actuacións, tal e como se recolle na lei de procedemento común.*
- *Estudo e valoración da situación de necesidade por parte do departamento de servizos sociais do concello e elaboración dun informe social.*
- *Presentación da proposta técnica de valoración á Xunta de Goberno Local para a emisión da resolución correspondente, en todo caso terá que motivarse.*
- *Unha vez aprobada a mesma, levarase a cabo a súa formalización polo órgano correspondente da entidade pública titular das vivendas, a través da figura do contrato de cesión en precario e/ou medios legalmente establecidos para tal fin.*
- *Notificación á persoa interesada, no prazo máximo de 10 días hábiles.*

Os servizos sociais municipais valorarán as propostas de adxudicación existentes cada vez que haxa vivenda vacante, priorizando entre as propostas presentadas ás familias con maior necesidade e que mellor se adecúen ás características do recurso.

Existirá un rexistro actualizado de familias propostas para a adxudicación de vivenda de emerxencia social e de beneficiarias das mesmas, cos seus correspondentes expedientes, que estará suxeito á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 8. Da incorporación e a estancia

A incorporación á vivenda, unha vez adxudicado o seu uso, requirirá da aceptación expresa por parte da familia beneficiaria dos compromisos de inserción social establecidos polos servizos sociais, así como a formación do correspondente contrato de cesión en precario.

Naquelas situacións nas que se precise o aloxamento inmediato en vivenda de emerxencia social dunha familia, xa proposta polo departamento de servizos sociais, a Alcaldía-Presidencia poderá autorizar provisionalmente a entrada na vivenda da familia con independencia de que simultaneamente se continúe o procedemento establecido no artigo 7.

Artigo 9. Da finalización da estancia

O dereito á estancia ou utilización do recurso de vivenda de emerxencia social cesará por calquera dos seguintes motivos:

- *Finalización do período inicial de estancia de 3 meses, ou subseguinte/s sen que exista proposta de prórroga por parte dos servizos sociais.*
- *Modificación substancial dos requisitos que determinaron o acceso, a criterio dos servizos sociais.*
- *Incumprimento reiterado dos deberes establecidos no artigo 6.*
- *Incumprimento dos compromisos adquiridos no Plan de inserción social.*

Rescindido o contrato de cesión en precario, as persoas beneficiarias disporán de



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

quinze días naturais para abandonar a vivenda, debendo, á desocupación da mesma, formalizar a devolución das chaves á entidade titular e responder sobre o estado da vivenda.

De non producirse o desaloxo, promoverase de inmediato o procedemento xudicial do desafuizamento.

Disposición Adicional

En todo aquilo que non estea contemplado nesta ordenanza estarase ao disposto na normativa vixente na materia.

Disposición Final primeira

De conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, esta ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e despois de transcorrer o prazo de 15 días hábiles ao que se refire o artigo 65.2 da mesma lei, permanecendo vixente ata que se acorde súa modificación ou derogación expresa.

ANEXOS

Anexo I. Impreso da solicitude

Anexo II. Contrato Tipo de Cesión en Precario

ANEXO I. SOLICITUDE DE ACCESO OU USO DE VIVENDA DE EMERXENCIA SOCIAL¹

1.- DATOS DO SOLICITANTE

Nome e apelidos:	DNI:
Data de nacemento:	Sexo: H ☐ M ☐
Enderezo:	Código Postal:
Teléfono:	Ingresos mensuais:
Réxime de Vivenda: alugamento, propiedade, outros:	Custo mensual:

2. -MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

¹En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cobertura deste documento van ser incorporados para o seu tratamento nun ficheiro do que é titular o Concello de Val do Dubra. Así mesmo, infórmase de que a recollida e tratamento dos ditos datos ten como finalidade exclusiva o control das familias que teñen acceso ou uso as vivendas de emerxencia social do municipio.

De acordo co previsto na citada Lei Orgánica, pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo un escrito a esta entidade.



R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaiz, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

3.- DECLARACIÓN

Val do Dubra, de de
(Sinatura)

Val do Dubra, o díado mes..... de 202..

Dunha parte, e como **cedente**, o Concello do Val do Dubra, domicilio social na Rúa Arcai, núm. 41, Bembibre, no Concello de Val do Dubra, provincia da Coruña.

Doutra parte, e como cesionario precarista,, con DNI
núm..... domiciliado en

O cedente actúa baixo a representación do alcalde.....

Pola súa contra, o cesionario actúa en propio nome e representación, recoñecendo a ambas partes plena capacidade para o outorgamento do presente contrato.

1º Que o Concello do Val do Dubra, é o propietario da vivenda sita en



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

2º Que o cesionario precarista, de nome..... está interesado en que lle sexa cedido en precario o inmovible referido, o que efectúan ambas partes conforme as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- O Concello do Val do Dubra, cede a, a ocupación ou o uso en precario do inmovible referido, sen que medie prezo ou contraprestación algunha por parte do cesionario.

Segunda.- A cesión nas condicións indicadas efectuarase de forma libre e sometido a un prazo de 6 meses, con posibilidade de prorroga. O cedente propietario poderá dar por finalizada a cesión gratuíta en calquera momento, en atención a uns criterios obxectivos, tendo que comunicar tal circunstancia ao cesionario.

A estes efectos, requirido o cesionario, devolverá de forma inmediata, e en todo caso no prazo máximo de 15 días, a posesión e uso da vivenda. En caso contrario, se non se atendera o dito prazo, practicarase un desafiuzamento fronte ao cesionario.

Terceira.- Mentres o cesionario teña o uso da vivenda, serán do seu cargo os gastos derivados do seu uso (auga, luz, gas, teléfono) e gastos de comunidade, se fora o caso.

De igual xeito, serán a cargo do cesionario as reparacións que esixa o desgaste polo uso ordinario da vivenda, non podendo realizar obras sen permiso do propietario.

Consecuentemente, o cesionario devolverá a vivenda no mesmo estado de conservación que a recibiu.

E en proba de conformidade, firman o presente contrato por duplicado no lugar e data do encabezamento.

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez

Cesionario precarista



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

.....”

INTERVENCIÓNS:

O Sr. alcalde explica que o Concello de Val do Dubra ten unha vivenda de emerxencia que é a que está situada en Portomouro e está, xa desde o mandato pasado, en condicións para ser empregada por persoas ou familias en situación de emerxencia social. No ano 2021 iniciouse un primeiro proxecto de ordenanza que non se chegou a aprobar. Explica que empregaron este mesmo proxecto de ordenanza e só lle fixeron dous cambios: a antigüidade mínima de empadramento pasa de dous anos a tres meses (con posibilidade de acceder sen cumprir este requisito se así o informan os servizos sociais municipais) e respecto da finalización da estancia cámbiase de seis meses a tres (con posibilidade de prórroga informada polo servizos sociais).

O Sr. Varela explica que eses dous anos que se establecían como tempo de empadramento eran para evitar que se empregue a picaresca de empadroarse uns meses para poder acceder á vivenda e para iso levaba a cláusula de que en casos excepcionais, e por acordo da corporación, se podían admitir casos que non cumprisen este requisito. Di que é mellor esperar a ver como funciona esta rebaixa no tempo e como se adapta á realidade.

O Sr. Negreira considera esencial aprobar un regulamento para unha vivenda que xa está aí e que ten unha función. Está de acordo en que haxa flexibilidade e que a toma das decisións recaia nos servizos municipais e, que de ser preciso, unha persoa que non cumpra os requisitos poida durmir unha noite alí se así o precisa e sempre que haxa garantías de que non hai intencións de instalarse aí permanentemente impedindo o uso por outras persoas.

O Sr. alcalde considera que é unha normativa necesaria. Ata o día de hoxe non foi necesaria, pero en calquera momento vai ser precisa. De feito isto púxose en marcha a raíz dunha posible situación que ao final non foi necesaria.

O Sr. Varela pregunta se se pediu algún informe á arquitecta para ver como está a vivenda na actualidade. Non sabe se hai que ter informe de habitabilidade.

O Sr. alcalde di que se fixeron varias revisións na vivenda. Debido a que se desenvolveu alí un obradoiro de emprego tamén se dotou á vivenda de diversos útiles de cociña e roupa de cama. Di que non hai informe da técnica de habitabilidade, pero que se pode pedir sen problema.

Rematado o debate sométese a votación a proposta antedita. O Pleno do Concello **ACORDA** por unanimidade dos concelleiros asistentes á sesión:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora de acceso e uso das vivendas de emerxencia social do Concello de Val do Dubra, nos termos que figuran no expediente e coa redacción recollida no anexo a este acordo.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do expediente abrindo un período de información pública, por un prazo de trinta días hábiles, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O acordo de aprobación inicial publicárase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

anuncios do Concello.

TERCEIRO.- Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto da ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 do abril, reguladora das bases do réxime local, previo ditame da Comisión Informativa. No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da ordenanza no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, estendéndose pola Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

CUARTO.- O acordo de aprobación definitiva da ordenanza, co texto íntegro desta, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

CONCELLO DE VAL DO DUBRA, asinado dixitalmente

O secretario accidental, José Ramón Vázquez González

Visto e praxe,

O alcalde, Diego Luís Díaz Méndez